

## PROBA DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO 2017

[ORDE do 22 de decembro de 2016 pola que se convocan probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo para o ano 2017](#)

### 1.1 Onde podo atopar máis información sobre as probas?

<http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-medio>

[Calendario](#) (tamén modelos de [exames de anos anteriores](#) ).

### 1.2 Quen pode inscribirse? Onde?

Quen **non teña os requisitos académicos para acceder a ciclos medios** e teña cumpridos **dezasete anos ou os cumpra no 2017**.

**Onde se pode presentar a solicitude de inscrición para a proba de acceso?**

Nas secretarías dos institutos onde se imparten ciclos formativos de formación profesional (no IES Pintor Colmeiro podes facelo). [Modelo](#)

Tamén podes cubrir a solicitude na [Web](#) tes que imprimila e entregala na secretaría do centro.

### 1.3 De que te terás que examinar? A proba consta de tres partes:

<b>Parte sociolingüística</b>	Examinaraste de: Lingua castelá. Lingua galega. Ciencias sociais.
<b>Parte matemática</b>	Examinaraste de: Matemáticas.
<b>Parte científico-técnica</b>	Examinaraste de: CC da Natureza. Tecnoloxía.

A nota final calcularase sempre que se obteña polo menos 4 puntos en cada unha das partes, e será a media aritmética destas ( $\geq 5$ ). Non se teñen en conta as partes nas que se considera a exención.

Exemplos de cálculo de notas				
Parte sociolingüística	Parte matemática	Parte científico-técnica	Nota media	Nota final
7,00	5,00	8,50	6,83	6,83
6,00	5,50	4,00	5,17	5,17
4,00	6,00	4,00	4,67	Non apto/a
3,90	5,00	6,00	Non apto/a	Non apto/a
Exención	6,00	4,00	5,00	5,00
4,00	7,50	Exención	5,75	5,75
2,50	Exención	6,00	Non apto /a	Non apto/a
Exención	Exención	Exención	5	5

#### 1.4 Exencións. De que podo estar exento/a? Cando teño que solicitar a exención?

A solicitude de exencións parciais da proba deberase formular no momento da inscrición.

<p>a) Superación dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade I e II dun título de formación profesional básica.  b) Superación dos ámbitos social e de comunicación dun programa de cualificación profesional inicial.  c) Superación dos ámbitos social e de comunicación do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas.</p>	<p><b>Exención da parte sociolingüística</b></p>
<p>a) Superación dos módulos profesionais de Ciencias aplicadas I e II dun título de formación profesional básica.  b) Superación do ámbito científico-tecnolóxico dun programa de cualificación profesional inicial.  c) Superación do ámbito científico-tecnolóxico do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas.</p>	<p><b>Exención das partes científico-técnica e matemática.</b></p>
<p>a) Superación dos módulos profesionais relacionados co perfil profesional dun título de formación profesional básica (agás o módulo de Formación en centros de traballo e os módulos asociados aos bloques comúns).  b) Superación dos módulos específicos profesionais (exceptuando o módulo de Formación en centros de traballo) dun programa de cualificación profesional inicial.  c) Superación dun certificado de profesionalidade  d) Acreditación, como mínimo, do tempo equivalente a un ano de experiencia laboral.</p>	<p><b>Exención da parte científico-técnica</b></p>

2

### OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

#### I. En que datas me podo inscribir?

O prazo para inscribirte na proba vai do **13 ao 23 de marzo**.

#### II. Onde se publican as listaxes provisórias e definitivas de persoas admitidas e excluídas, de exención e de cualificacións?

<http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-medio-convocatoria-actual>

**Lugar da proba:** publicarase o 16 de maio en [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

#### III. Cando e en que horario se realizan as probas de acceso?

As probas terán lugar o día **31 DE MAIO** de 2017 no horario que se indica deseguido:

- Ás 9:00 horas: presentación.
- Das 10:00 ás 13:00 horas (partes matemática e sociolingüística).
- Das 16:00 ás 18:00 horas: parte científico-técnica

#### IV. Que teño que presentar para poder realizar as probas?

As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o **documento oficial de identidade** e **copia** da folla da **solicitude de inscrición**.

#### V. Cando podo solicitar a certificación de ter superado a proba (de ser o caso)?

A partir do 26 de xuño, no centro onde realizaras a proba ou onde te inscribiches.

#### VI-FOLLETOS INFORMATIVOS DOS CICLOS: QUE CHE GUSTARÍA ESTUDAR?

<http://www.edu.xunta.es/fp/folletos-informativos-fp>

Onde podes estudar o ciclo que che gusta?

<http://www.edu.xunta.es/fp/oferta-fp>

**VIII- CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES**

<http://www.edu.xunta.es/centros/credocoruna/>

<http://centros.edu.xunta.es/credodeourense/>

<http://centros.edu.xunta.es/credovigo/>